



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Biblioteca da Facultade de Filoloxía
Santiago, a 18 de abril de 2012

Estimada Directora do CEIP Ramón Cabanillas: Espero que ao recibo desta xa Furelo se atope ben instalado e recuperándose de tantas emocións.

Supoño que xa lles tardaban as nosas novas, pero houbo varios imprevistos que impediron resolver este asunto ata agora. Nas vacacións de Semana Santa pechou a facultade, e a Campaña de Desratización 2012 foi cancelada a causa da crise. Dese xeito, o ratiño non corría perigo e nós puidemos facer as xestións máis amodo.

En canto recibimos as numerosas probas que enviaron os nenos e as nenas dese centro, soubemos que o ratiño se chamaba Furelo e que tiña un fogar. Coidamos que este ratiño ten moita sorte cos nenos e nenas dese colexio, xa que se nota que queren moito a Furelo. As probas que atoparon, e nos enviaron para demostrar que o ratiño descoñecido era o rato do Ramón Cabanillas denotan o seu interese, e o intelixentes que son todos e todas.

Decontado chamamos aos veterinarios para que examinasen a Furelo, e o prepararan para que chegase nas mellores condicións de volta ao seu fogar.

Esta foi a causa da tardanza, pero era moi necesario que o ratiño se recuperase un pouco, para levar a cabo o seu traslado. Agora tócalles a vostedes continuar cos cuidados e atencións para que Furelo volva ser o de sempre.

Hoxe enviamos a Furelo mediante unha empresa de mensaxería coa instrución de facer a entrega á conserxe. A caixa aberta débese pousar nun recuncho da biblioteca, de xeito que Furelo poida saír cando queira, e atope un lugar tranquilo onde poder recuperarse sen que lle molesten.

Os veterinarios insisten en que é necesario que Furelo descanse, sinta o agarimo dos seus e volva escoitar voces coñecidas.

Felicidades a toda a Comunidade educativa do Ramón Cabanillas, por contar cun colaborador tan fantástico coma Furelo.

Esperando novas de vostedes, despídome ata a próxima ocasión de axudarnos.

A Directora,

Asd.:Pilar Del Oro